

Unha mada de doce relatos. **H. Dacosta**

Por terceira vez, o escritor e profesor Henrique Dacosta gañou no 2007 o Premio Carvalho Calero de Narración Curta, que convoca o Concello de Ferrol. A obra, un conxunto de narracións, acaba de aparecer en Laiovento. Cunha técnica eminentemente realista e un estilo sobrio, distante, Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) desenvolve doce historias que, con frecuencia, beben dun tipo de inspiración tradicional e, mesmo, da recreación épica. Nesa inspiración, atopa fontes que lle permiten tracexar, con debuxo rápido, unha tipoloxía de personaxes que se engastarían na galería popular e que apelan a un tipo de Literatura vencellada ao costumismo. Un cazador de lontras, unha batalla, as lembranzas da infancia, a intriga, os celos... O abano temático é amplo. A variedade de extensión e enfoques permítelle presentar relatos extremadamente curtos e outros dunha extensión de maior complexidade. Dacosta demérxese unha vez máis en *Unha mada* no universo que, ao longo dos últimos anos, construíu, unha obra que se alza, a partir dun estilo claro e emocional, con vocación de transcendencia social.

